



ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONSORCIOS

CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

Nomeamento persoal funcionario de carreira

ANUNCIO

Por Decreto da Presidencia núm. 169/2026 de data 21/04/2026, adoptouse a seguinte resolución:

PRIMEIRO.- Nomear persoal funcionario de carreira, grupo C, subgrupo C1, escala de administración xeral, subescala administrativa a Dona Ana Isabel Sande Grela con DNI ***1375** con adscrición á praza con código 1005.1 Administrativo de administración xeral do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña.

SEGUNDO.- Para adquirir a condición de persoal funcionario de carreira, a persoa anteriormente relacionada deberá cumprir os requisitos esixidos no artigo 60 da Lei 2/2015, do 29 de abril, e tomar posesión no prazo dun mes, que comezará a computarse desde o día seguinte á publicación da correspondente resolución de nomeamento no BOP

TERCEIRO.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

CUARTO.- Publicar a presente resolución no BOP e na sede electrónica do Consorcio provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña

Carballo, a 21 de abril de 2026

O presidente,

Asdo.: Valentín González Formoso

2026/2516